



Ornela Fernández Salgado, concelleira do BNG, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 27/02/08:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 8 de marzo, celébrase o Día Internacional das Mulleres, e con esta conmemoración o conxunto da sociedade lembra os avances que as mulleres conseguiron grazas a súa organización e loita ao longo da historia. Así mesmo, reafírmase o compromiso de continuar este avance e non retroceder nas conquistas acadadas para a construción dunha sociedade baseada na igualdade

Hoxe máis que nunca, o BNG, considera que segue a ser necesario o compromiso para a reclamación dos dereitos das mulleres e para a conquista daqueles que aínda están pendentes.

As mulleres e os homes non imos consentir que se impoñan actitudes políticas que freen a construción dunha sociedade igualitaria, nin que as mulleres non teñan garantidos os seus dereitos de cidadanía en pé de igualdade cos homes.

As tentativas reaccionarias de recortar o avance dos dereitos das mulleres e o incumprimento dos compromisos adquiridos en medidas reclamadas pola sociedade, fan xa que logo máis necesario o compromiso das forzas políticas que aspiramos a construír unha sociedade libre en que todas as mulleres poidan decidir, sen tutelas de ninguén.

As políticas para a igualdade real que se están a desenvolver desde o Goberno galego, fai necesario a contribución dos concellos, desde a administración local, para non retroceder nos dereitos adquiridos pola loita das mulleres, para avanzar nos que faltan por conquistar e para complementar con actuacións municipais que promovan a igualdade nas escolas e entre a mocidade.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Solicitar da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, a través da Rede de Centros Quérote, a posta en marcha dun obradoiro afectivo-sexual para a mocidade do concello.**
- 2. Promover obradoiros de igualdade nas escolas.**

Vilaboa, 19 de febreiro de 2008.

Ornela Fernández Salgado

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vilaboa